



Plácido Álvarez Dobaño, na súa condición de voceiro do Grupo Popular na Deputación Provincial de Ourense, con base no previsto nos artigos 91 e 97 do ROF, e de acordo á Lei de Base Reguladora do Réxime Local e o Regulamento da Corporación, presenta a seguinte **MOCIÓN SOBRE OS DANOS CAUSADOS POLO PEDRAZO NA COMARCA DA LIMIA**, para o seu debate no pleno da Corporación, tendo en conta a seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pedrazo rexistrado o pasado día 6 de xullo na zona da Limia ocasionou danos moi graves nas plantacións de pataca, cereal e outros cultivos (chícharo e repolo), producindo perdas estimadas de ata o 100 % do produto en medio millar de hectáreas nas zonas de Vilar de Barrio, Xunqueira de Ambía e Sandiás. Unha situación que require, pola súa dimensión, unha atención especial por parte da Deputación de Ourense para paliar, na medidas das posibilidades, os danos afectados.

A desfeita ocasionada na comarca da Limia vai máis aló do material pola súa afectación a toda a produción, senón que tamén incide na economía das zonas afectadas xa que preto de medio cento de familias están a ver en risco a viabilidade de toda a súa colleita coas perdas económicas que elo conleva.

A produción de pataca e cereal é un elemento clave na economía da comarca limiá, así como unhas das máis importantes de Galicia, por iso o sector agrícola require a adopción de medidas que axuden a paliar os danos ocasionados.

As perdas están a ser avaliadas con precisión, pero a diminución na produción de tubérculo podería traducirse ata un máximo dun 30 % da produción final. No tocante á produción de cereal, a perda é absoluta.



En virtude do exposto, propónse ao Pleno da Deputación a adopción do presente.

ACORDO:

- 1º.- Elaboración dos informes necesarios para realizar unha avaliación urxente dos danos causados polo pedrazo.
- 2º.- Estudar a adopción de medidas para paliar, na medida das posibilidades e competencias desta Deputación, os danos causados pola pedra.
- 3º.- Requirir á Xunta de Galicia, se así o aconsellase a avaliación, a tramitación de zona de emerxencia das distintas zonas afectadas.

Ourense, 13 de Xullo de 2017

Asdo. Plácido Álvarez Dobaño

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE